RESUMO DE CONTIDOS

Índice

1. A arte urbana 2
2. Técnicas secas 4
3. Técnicas húmidas 6

1. A arte urbana

A **arte urbana** ou **arte rueira**, tradución literal do termo en inglés *Street Art*, é toda expresión artística no espazo urbano, ou en elementos urbanos da contorna rural. O denominador común deste tipo de creacións é atoparse na rúa ou no espazo público e empregar unha determinada linguaxe relacionada coa cultura urbana.

Breve historia da arte urbana

Atopamos antecedentes da actual arte urbana en calquera etapa da nosa historia: dende as pinturas rupestres, pasando polas decoracións nas vilas romanas, os frescos renacentistas ou, xa no século XX, os impresionantes murais dos mexicanos Siqueiros e Rivera e o traballo underground do neoiorquino Basquiat.

É nos anos 70 do século pasado, en **París**, cando artistas formados nas escolas de arte interveñen as rúas, cambiando a forma de entender o espazo e procurando a interacción coa cidade e os seus habitantes. Considérase como primeiro artista rueiro ao artista francés **Blek Le Rat**, famoso polo seu uso do esténcil sobre a política europea.

A arte rueira xurdiu nos barrios das cidades coma unha **forma de expresión reivindicativa**, ligada ao movemento musical do **Hip-hop**, cun carácter político e de crítica social. Aínda que esa é unha das súas características principais, moitas das súas correntes empréganse coma unha forma de arte máis.

Quen fai arte urbana busca reflectir nas súas obras **temas sociais, políticos e culturais importantes** nas súas comunidades, empregando moitas veces a ironía. Cada peza pode ser unha forma de resistencia, un comentario político, un tributo ou simplemente a procura de beleza en lugares abandonados ou descoidados.

1.1. Tipos de arte urbana

A arte urbana busca nos **espazos urbanos a súa identidade e o seu código estilístico.** Este código axuda a diferenciar a arte rueira da arte pública, aínda que ambas comparten o espazo público, do que falaremos no apartado seguinte.

As formas máis coñecidas de arte rueira son: os **graffitis**, os **murais**, o **esténcil**, os **carteis** ou **pósteres,** os **adhesivos** ou ***stickers*** e as combinación destes con outras formas artísticas. Podedes atopar a explicación de estes formatos no glosario.

Os materiais máis empregados nesta disciplina son a pintura en **aerosol** e a **pintura de imprimación**, das que falaremos no apartado de técnicas húmidas e nos glosarios.

1.2. Arte ou vandalismo?

O recoñecemento da arte urbana e a súa entrada no ámbito das galerías e dos museos ten aumentado nos últimos anos. Isto modifica o xeito de percibila. Moitos artistas desta corrente saen do anonimato e colaboran coas administracións e institucións públicas e privadas para decorar os espazos públicos. A arte rueira pode ser ferramenta de **cohesión social** cunha linguaxe compartida que agrupa colectivos e comunidades en torno ao lugar intervido.

Antes, a arte rueira acostumaba ser **ilegal e efémera,** e independente do poder institucional, por iso moitas veces é vista como vandalismo. A arte pública, pola contra, considérase parte do patrimonio, ten mantemento e aspira á permanencia. É complicado establecer a diferencia entre o que é arte, reivindicación e decoración do mero **vandalismo**. Podemos dicir que unha acción é arte ou cultura cando busca enriquecer a contorna e propor un diálogo, mentres que o vandalismo é destrutivo sen achegar un valor positivo.

1.3. Glosario

- **Cartel ou póster:** Forma de arte rueira impresa e pegada na rúa, xeralmente empregando engrudo.
- **Arte urbana ou rueira:** Expresión artística feita no espazo urbano ou referida á cultura urbana.
- **Bloque:** Letra do graffiti.
- **Boquilla:** Chamada tamén válvula ou cap, é a peza que leva o bote de aerosol, pola que sae a pintura. Pode ser de diferentes grosores.
- **Esténcil:** Técnica na que a pintura se aplica empregando un modelo ou forma, na maioría dos casos feita de acetato ou cartón. Permite repetir a mesma imaxe.
- **Graffiti:** Consiste en firmar, debuxar ou colorear nomes, frases ou lemas, ou motivos icónicos nunha parede, cartel, porta, ou calquera espazo público. O graffiti acostuma ser unha actividade libre, espontánea e creativa. Os **lemas** acostuman ser frases ou *slogans* cun contido político ou social, cunha determinada ideoloxía ou cun carácter de protesta.
- **Mural:** Pintura feita nunha parede ou muro.
- **Sticker**: Forma calquera actividade que supoña a destrución ou deterioración de obxectos ou espazos públicos ou alleos.
- **Vandalismo:** Acto de danar ou estragar obxectos ou espazos públicos ou alleos.

2. As técnicas secas

Introdución ás técnicas secas

As **técnicas secas** caracterízanse polo uso de materiais que non requiren auga nin disolventes para a súa aplicación. Estas técnicas son ideais para traballos controlados, limpos e detallados.

Neste tema, centrarémonos en lapis de cores e ceras, dous materiais básicos pero versátiles.

2.1. Lapis de cores

Material necesario

- Lapis de cores de boa calidade. Poden ser escolares, artísticos ou acuarelables.

- Papel de debuxo liso ou de textura lixeira.

- Afialapis adecuado para evitar roturas do lapis.

- Goma de borrar suave, para axustes e aclarados.

- Esfuminos ou panos de papel para suavizar cores.

Propiedades dos lapis de cores

- Pigmentación: Os lapis conteñen pigmentos secos mesturados con cera ou aceite, o que permite trazos intensos e duradeiros.

- Precisión: Ideais para traballar detalles e liñas finas.

- Versatilidade: Poden usarse para colorear, sombrear, crear texturas ou traballar con degradados.

- Capacidade de superposición: Permiten aplicar varias capas para enriquecer cores ou xerar novas tonalidades.

- Control do ton: A presión sobre o lapis inflúe na intensidade da cor, a presión máis alta, cor máis escura.

Técnicas básicas con lapis de cores

1. Coloración uniforme: Recheo de áreas con trazos rectos e constantes.

- Consello práctico: Aplicade pouca presión e realiza trazos nunha soa dirección para un acabado limpo.

2. Gradación: Transición suave entre tons, variando a presión do lapis ou superpoñendo cores.

- Consello práctico: Comezade co ton máis claro e avanza cara ao máis escuro para evitar erros.

3. Superposición (capas): Aplicación de capas de diferentes cores para obter tons novos e máis complexos.

- Consello práctico: Usade cores complementarias, por exemplo, azul e laranxa, para enriquecer as sombras.

4. Esfumado: Suavízanse as transicións de cor cun esfumino, algodón ou cos dedos.

- Consello práctico: Para áreas pequenas, empregade un bastonciño de algodón.

5. Tramas: Creación de sombreado e textura con liñas paralelas ou cruzadas (hatching e cros-hatching).

- Consello práctico: As liñas máis xuntas xeran sombras máis densas.

6. Realce de brillos: Usade un lapis branco para resaltar zonas luminosas ou unha goma de borrar para aclarar áreas coloreadas.

- Consello práctico: Traballade o brillo ao final para non manchar o debuxo.

2.2. Ceras

Material necesario

- Ceras brandas ou duras, escolares ou pastel.

- Papel de gramaxe alto ou cartolina, para evitar rachaduras.

- Raspas ou ferramentas para efectos (opcional).

- Trapo ou panos para esfumar cores.

Propiedades das ceras

- Textura cremosa: Fácil de estender e con boa adherencia ao papel.

- Cores intensas: Gran capacidade de cobertura e vibración tonal.

- Resistencia: As cores son duradeiros e non perden intensidade facilmente.

- Versatilidade textural: Permiten combinar efectos lisos, texturizados e raspados.

Técnicas básicas con ceras

1. Recheo uniforme Aplicade presión constante para obter unha cor sólida e homoxénea.

- Consello práctico: Usade movementos circulares para evitar ocos.

2. Esfumado: Mesturando cores ou suavizando as liñas cos dedos ou un trapo.

- Consello práctico: Traballade con pequenas cantidades de cor para evitar manchas.

3. Superposición: Colorear unha capa sobre outra para crear novos tons.

- Consello práctico: Aplicade primeiro a cor máis clara e logo a escura.

4. Raspado: Faise cubrindo unha área con varias capas e raspando a capa superior para revelar a cor inferior.

- Consello práctico: Usade unha ferramenta con punta redonda para non estragar o papel.

5. Texturas naturais: Esfragado da cera sobre papel colocado sobre superficies texturadas (madeira, tea).

- Consello práctico: Variade a presión para intensificar o relevo.

6. Gradación: Suavizando o límite entre dúas cores ou aplicando un sobre outro de forma gradual.

- Consello práctico: Mesturade cores similares para lograr efectos máis naturais.

2.3. Glosario

- Aclarado: Técnica para reducir a intensidade dunha cor, logrando un ton máis claro.

- Atenuación: Diminución da intensidade dunha cor ou sombra para suavizar un efecto visual.

- Bosquexo: Debuxo preliminar, xeralmente en lapis de grafito, que serve como base ou guía.

- Brillo: Capacidade dunha cor ou superficie para reflectir luz. Destaca zonas iluminadas.

- Contraste: Diferenza marcada entre cores, tons ou texturas nunha composición.

- Esfumado: Técnica para suavizar bordos ou transicións de cor.

- Gradación: Cambio progresivo entre tons ou cores, creando un degradado.

- Lapis de grafito: Ferramenta básica para debuxo, composta de grafito nunha carcasa de madeira.

- Trama: Conxunto de liñas ou puntos organizados para xerar textura ou sombreado.

2.4. Consellos xerais para traballar con técnicas secas

- Mantede o papel limpo e libre de manchas; colocade unha folla debaixo das vosas mans mentres debuxades.

- Afiade os lapis regularmente para lograr trazos precisos.

- Practicade as técnicas en follas de proba antes de aplicalas ao traballo final.

- Experimentade con diferentes tipos de papel para descubrir que textura funciona mellor con cada material.

- Traballade do xeral ao específico: empeza polas áreas grandes e avanza cara aos detalles.

3. As técnicas húmidas

Introdución ás técnicas húmidas

As técnicas húmidas caracterízanse polo uso de auga ou algún outro tipo de disolvente para diluír os pigmentos, facilitando a súa aplicación e a creación de diferentes efectos.

Neste tema, centrarémonos na pintura acrílica e na acuarela, dous materiais básicos pero versátiles.

3.1. Acrílico

Material necesario

- Pinturas acrílicas, poden ser en tubos ou frascos.

- Lenzo ou cartolina, aínda que tamén se poden empregar outras superficies, como madeira ou papel para acrílico.

- Pinceis de pelos sintéticos. Poden ser de punta redonda, plana, biselada, etc.

- Auga ou diluínte para modificar a consistencia da pintura.

- Paleta, para realizar as mesturas de diferentes cores.

Propiedades da pintura acrílica

- Cores brillantes: A pintura acrílica presenta cores intensos e vibrantes.

- Opacidade: O acrílico ten tendencia a ser opaco, o que nos permite cubrir ben unha superficie e obter cores escuras con capas de cores máis claros.

- Secado rápido: O acrílico seca moi rápido, permitindo traballar de forma rápida, malia que tamén fai necesario ter un control axeitado para evitar que a pintura seque ou endureza antes de rematar.

- Durabilidade: Unha vez seco, e unha técnica moi duradeira e vólvese resistente a auga, polo que é apta para exterior.

- Textura: Permite unha gran variedade de texturas, dende acabados suaves ata texturas grosas empregando unha espátula ou aplicando máis cantidade de pintura.

Técnicas Básicas con acrílico

1. Capas: Pódense aplicar varias capas de acrílico para crear profundidade e volume. Cada capa debe secarse antes de aplicar a seguinte.

- Consello práctico: Aproveita a opacidade do acrílico para crear efectos de capas que estean cubertas por outras.

2. Pintura espesa: Permite aplicar capas grosas de pintura e así poder crear texturas ou trazos visibles da pincelada.

- Consello práctico: Se queredes crear texturas, non dubides en experimentar con espátulas ou pelos sintéticos grosos.

3. Pintura máis fluída: Mesturando a pintura con máis cantidade de auga, obtense unha textura parecida a acuarela. Isto permite crear efectos de transparencia e gradacións de cor.

- Consello práctico: Resultará máis doado realizar degradados e gradacións de cor coa pintura máis líquida xa que tardará máis en secar e isto permite unha maior integración das cores.

4. Glasado: Consiste en aplicar unha capa transparente de pintura sobre unha base seca para modificar o ton ou engadir luminosidade.

- Consello práctico: Empregádeo para marcar áreas de brillo e conseguir volume.

3.2. Acuarela

Material necesario

- Acuarelas, en pastillas ou en tubos.

- Auga, para diluír a pintura e limpar os pinceis.

- Papel especial de acuarela, con alto gramaxe, para soportar a cantidade de auga sen deteriorarse, polo xeral de 200 g/m^2 a 600 g/m^2

- Pinceis de diferentes tamaños. Os de punta redonda e plana son os máis empregados.

- Paleta para facer as mesturas de cores.

- Trapo ou esponxas, para secar os pinceis ou o exceso de auga.

Propiedades das acuarelas

- Degradados: Esta técnica permítenos realizar degradados de forma sinxela, onde as cores se mesturan suavemente dende un ton claro a outro máis forte.

- Secado: Ao ser unha técnica que ten base de auga, seca relativamente rápido. Isto pode ser unha vantaxe ou un desafío, dependendo de como a empreguedes. Para facer transicións dunha cor a outra, permite deixar o papel humedecido e comezar con outra cor.

- Transparencia: É unha das súas características principais, permite ver o branco do papel ou as capas anteriores, creando efectos de luminosidade.

Técnicas básicas con acuarelas

1. Lavado: Consiste en aplicar unha capa de pintura diluída sobre o papel, creando unha cor uniforme ou un fondo.

- Consello práctico: Controlar a cantidade de auga, para evitar que o pigmento se “desfaga” demasiado.

2. Mollado sobre mollado: Consiste en aplicar pintura sobre unha superficie húmida, o que produce un esfumado moi suave. Lógrase máis control si a cantidade de auga no pincel e no papel está ben equilibrada.

- Consello práctico: Empregade un pincel limpo e cargado de auga para humedecer o papel e a continuación recargade o pincel con pigmento para aplicar na área previamente humedecida.

3. Mollado sobre seco: Esta técnica consiste en aplicar a pintura directamente sobre unha superficie seca, isto xera bordos máis nítidos e definidos. É ideal para facer detalles.

- Consello práctico: Esta técnica tamén permite realizar degradados e transicións. Experimentade creando transicións suaves entre cores, comezando sempre polos tons máis claros e suaves e aplicando máis auga nas áreas que queredes deixar máis claras.

4. Secado o aire: Cómpre deixar secar entre capa e capa para que as cores se mesturen sen desexalo.

- Consello práctico: Intercalade áreas de traballo na mesma lámina, deixando secar unha área mentres traballas outra.

5. Reserva de brancos: Na acuarela é moi importante reservar os brancos, é dicir, manter certas áreas do papel sen cor, creando efectos de luz, brillo ou contraste. Aquí podedes ver a importancia de planificar ben a obra antes de comezar, identificando as áreas que deben permanecer brancas.

- Consello práctico: Na reserva de brancos, pódese empregar unha cera branca (técnica seca), para evitar aplicar pigmento nesa zona.

3.3. Glosario

- Aglutinante: Sustancia que permite que os pigmentos se manteñan unidos e se adhiran á superficie. Nas acuarelas, o aglutinante é a goma arábiga, mentres que no acrílico é o polímero acrílico.

- Capas: Estratos de pintura aplicados sobre outros para crear profundidade ou efectos. As capas aplícanse de forma progresiva, sempre deixando secar unha antes de aplicar outras.

- **Degradado**: Transición suave entre cores e tons. Na acuarela pódese lograr co control da auga, mentres que no acrílico emprégase o esfumado e as mesturas rápidas.

- **Diluínte**: Líquido empregado para facer a pintura máis fluída. Na acuarela, o diluínte é a auga, e no acrílico pódese empregar tanto auga como outros medios específicos.

- **Disolvente**: Sustancia empregada para disolver ou diluír a pintura, polo xeral emprégase en óleo ou acrílicos ao aceite. A auga é o disolvente principal da acuarela.

- **Pigmento**: Sustancia que da cor a pintura. Extráese de diversas fontes, como minerais ou plantas. Poder ser orgánicos ou inorgánicos.

- **Secado**: Proceso no que a pintura pasa de estado líquido ou húmido a sólido. Na acuarela, o secado é relativamente rápido, e no acrílico, máis rápido aínda.

- **Sombreado**: Técnica empregada para crear sombras e profundidade, polo xeral empregando unha cor máis escura ou capas de pintura máis finas.

- **Textura**: Acabado da superficie da pintura. Pode ser suave, rugoso ou de diversos tipos dependendo da cantidade de pintura e das ferramentas empregadas.

- **Transparencia**: Calidade dun pigmento que permite que se mire a través da pintura, unha característica prominente da acuarela.

- **Volume**: Creación da ilusión tridimensional nunha obra, lógrase a través do uso de sombras, capas e cores máis escuras.

3.4. Consellos xerais para traballar con técnicas húmidas

- Empregade o papel ou a superficie correcta. Ao ser técnicas húmidas ides traballar con auga e precisades un papel deseñado para absorbela e evitar rotos ou que se deforme.

- Controlade a cantidade de auga, con moita as cores poden perder a súa intensidade.

- Tede en conta o tempo de secado. No traballo por capas tede en conta que poden secar antes de que teñades tempo para modificalas.

- Experimentade coa mestura de cores para crear unha gama máis ampla e probade aplicando gradacións suaves directamente no papel.

- Xogade coas capas, tendo en conta que sempre é idóneo comezar coas cores máis claras cara as máis escuras.

- Experimentade con ferramentas variadas: Xogade con diferentes tipos de pinceis, os redondos son ideais para detalles, os planos permiten cubrir áreas máis grandes. Experimentade con esponxas, espátulas, palillos, brochas secas, para conseguir diferentes texturas.

“**ruArte**" proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0